

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Vivenda e Solo (Área Central, s/n, polígono das Fontiñas. 15781 Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán xuntar á súa solicitude un curriculum vitae xustificando documentalmente os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se anuncia no anexo I desta orde un/ha funcionario/a con destino noutras administracións, requirirase o informe favorable do departamento onde preste servizos, considerándose favorable de non emitirse no prazo de quince días, segundo o preceptuado no artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo. Unha vez tramitado o seu traslado a esta comunidade autónoma, procederase a adxudicarlle o posto para o que foi seleccionado. Se no prazo de dous meses a partir da publicación no DOG, o/a funcionario/a seleccionado/a non se puidese incorporar á comunidade autónoma, considerarase deserto o posto e poderase proceder de novo á súa provisión.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no DOG e poderá, de considerarse oportuno, declararse deserto o posto de traballo.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días se o destino anterior radica na mesma localidade do novo, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo. O prazo de toma de posesión empezarse a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación da resolución no DOG, agás no suposto de procedencia doutras administracións, que deberá efectuarse dentro dos tres días seguintes ao da resolución de traslado á comunidade autónoma, co límite dos dous meses ao que se fai referencia no punto quinto desta orde. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no DOG.

Oitavo.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición, ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data,

segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2005.

Teresa Táboas Veleiro  
Conselleira de Vivenda e Solo

#### ANEXO I

Código do posto:  
Denominación do posto: vicesecretario/a xeral.  
Centro directivo: Secretaría Xeral.  
Vac.: si.  
Nivel: 30.  
Complemento específico: 15.821,52 euros.  
Tipo de posto: S.  
Forma provisión: LD.  
Grupo: A.  
Corpo/escala: xeral.  
Adscr. adm. p.: A11 (adscripción indistinta a funcionarios das administracións da Xunta de Galicia, Estado e comunidades autónomas).  
Titulación académica:  
Formación específica: 523 (diploma directivo), 640 (para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego, requisito indispensable).  
Observacións:

#### ANEXO II

NOTA: úsese o publicado na páxina 17.720.

### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 24 de outubro de 2005, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais de determinadas categorías, relativos á resolución definitiva da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego deste servizo.*

A base décimo quinta e seguintes das diversas ordes do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 xuño) e do 29 de xullo de 2002 (DOG nº 168, do 2 de setembro), polas que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, dispón que, publicadas as listaxes provisionais, á vista das reclamacións presentadas e realizadas, se é o caso, as correccións oportunas, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución definitiva da asignación de destinos por centros de xestión.

Para este efecto, a estimación ou desestimación das devanditas reclamacións entenderanse implícitas nesta resolución.

Ademais, coas prazas non adxudicadas ou que resulten vacantes como consecuencia da fase de provisión estas cubriranse de forma centralizada en función da puntuación obtida.

Polo tanto, procede agora darlle publicidade no DOG polo que,

**RESOLVE:**

Primeiro.-Publicar, con carácter definitivo, as puntuacións e os destinos obtidos polos aspirantes que participaron na fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado polas diversas ordes do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 xuño) e do 29 de xullo de 2002 (DOG nº 168, do 2 de setembro), das seguintes categorías: fisioterapeuta, hixienista dental e traballador social.

Segundo.-As listaxes poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Abrir un prazo de dez días hábiles para que os aspirantes da categoría de fisioterapeuta que non foran adxudicatarios de praza elixan a seguinte praza ofertada, en escrito dirixido á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional: 2706 H.C. da Costa-Burela.

Cuarto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, poderán interpoñer recurso de reposición ante esta división no prazo dun mes desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2005.

Antonio José Fernández Paniagua

Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

*Anuncio do 17 de outubro de 2005, polo que se dá publicidade á Resolución do 14 de outubro de 2005, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se convoca unha oferta de selección temporal dun facultativo especialista en hematoloxía, un facultativo especialista en cirurxía plástica e un facultativo especialista en medicina interna.*

A citada resolución estará exposta na mesma data da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de*

*Galicia*, e nos taboleiros de anuncios do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo e da Dirección Provincial do Sergas en Vigo.

A solicitude poderá presentarse no prazo de 10 días naturais contados desde o seguinte ao desta publicación.

Vigo, 17 de outubro de 2005.

Manuel Sánchez Delgado

Xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (SALA DO SOCIAL)

*Edicto (2/2005 IP).*

Francisco Javier Gamero López Peláez, secretario da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dou fe e certifico que, en demanda 2/2005 IP seguida por instancia da Unión Xeral de Traballadores de Galicia contra Proyect 3001 y Rosa Ana Fernández Blanco sobre impugnación de convenio colectivo, recaeu sentenza cuxo encabezamento e decisión son do teor literal seguinte:

Recurso número 2/2005.

José Manuel Mariño Cotelo presidente.

Juan Luis Martínez López.

José Fernando Lousada Arochena.

A Coruña, seis de outubro de dous mil catro.

A Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, composta polos maxistrados citados á marxe e en nome de El-Rei ditou o seguinte edicto en autos nº 2/2005 seguidos por instancia de Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia) contra a empresa *Proyect 3001, S.L.* e Rosa Ana Fernández Blanco, sobre impugnación de convenio colectivo, con intervención do Ministerio Fiscal, sendo relator José Manuel Mariño Cotelo.

Decidimos que estimando no esencial a demanda de impugnación de convenio colectivo interposta por Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia) contra a empresa *Proyect 3001, S.L.* e Rosa Ana Fernández Blanco, anulamos e deixamos sen efecto o convenio colectivo impugnado, condenando a parte demandada a estar e pasar por tal declaración e ordenando a publicación desta sentenza no *Diario Oficial de Galicia*. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de casación. Así por esta nosa sentenza, pronunciamolo, mandámolo e asinámolo.

E para que así conste para os efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido e asino este edicto na Coruña, seis de outubro de dous mil cinco.

O secretario  
Rubricado